

AS FAMILIAS INMIGRANTES NA ENCRUCILLADA: PERFIL SOCIO-EDUCATIVO DAS NAIS E PARTICIPACIÓN NOS CENTROS DE ENSINO

Lorenzo Moledo, M.M.
Universidade de Santiago de Compostela
mdelmar.lorenzo@usc.es

Malheiro Gutiérrez, X.M.
Universidade da Coruña
xmalheiro@udc.es

Priegue Caamaño, D.
Universidade da Coruña
dpriegue@udc.es

Santos Rego, M.A.
Universidade de Santiago de Compostela
miguelangel.santos@usc.es

Resumo

A implicación da familia no proceso educativo de nenos e mozos é un dos elementos importantes á hora de examinar a súa evolución escolar. Se iso se amosa interesante en termos xerais, pouca dúbida pode haber de que tamén deixará sentir os seus efectos no caso da inmigración.

Doutra banda, sabemos que a participación pode influir positivamente no proceso de aprendizaxe, e mesmo axuda a vitalizar non poucos principios democráticos.

Non pode estrañar, xa que logo, as recomendacións favorables ao estreitamento das relacións entre familias e centros de ensino. Con dous supostos básicos. Primeiro: o vínculo entre proceso de integración dos alumnos e comunicación dos seus pais e nais coa escola. E segundo: a idoneidade desta instancia educativa para levar adiante dinámicas susceptibles de axudar á integración social destas familias.

Con esta cuestión de fondo, presentamos unha parte dos resultados obtidos nunha pesquisa con familias inmigrante que teñen fillos escolarizados en Galicia. O estudo, de carácter descritivo, analiza a relación entre perfil socio-educativo das nais inmigrantes e o grado de participación nos centros aos que asisten os seus fillos. Os nosos datos permiten concluír unha manifesta asociación entre as referidas variables, ao tempo que permiten ollar novas pistas de indagación neste eido.

1. Introducción

A chegada de inmigrantes a terras galegas estase deixando sentir con forza na nosa sociedade, onde a tendencia tradicional sempre foi a emigración, o que nós como tantos outros expertos na materia definen como o fenómeno social de maior repercusión na historia contemporánea da nosa Comunidade. No entanto, dun tempo a esta parte, o número de inmigrantes que se escolle Galicia como punto de destino experimentou incrementos anuais. Aínda que a porcentaxe de

estranxeiros non sexa tan elevada como a doutras Comunidades do territorio español, é claro que nun período relativamente curto de tempo asistimos a un cambio nas tendencias migratorias, un cambio que está tendo importantes repercusións nos distintos ámbitos, entre eles o educativo.

Certamente, a inmigración está poñendo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo e, particularmente, dos centros escolares, ás demandas derivadas do contexto social. Nese senso, como trataremos de deixar claro de seguido, un dos desafíos que deben afrontar a escola ten que ver coa participación das familias inmigrantes nos centros nos que están escolarizados os seus fillos e fillas, unha cuestión que tamén afecta aos proxenitores autóctonos pero que no caso dos procedentes de inmigración adquire maior complexidade amén das dificultades que, a maiores, acostuman a afectar a estas persoas.

Así as cousas, neste traballo trataremos de analizar se a maior ou menor participación das familias inmigrantes e, máis concretamente das nais, nos centros dos fillos e fillas está relacionada con certas variables socio-educativas. Ademais, tendo en conta que a poboación inmigrante presenta unha gran heteroxeneidade, faremos especial fincapé nas diferenzas que poidan existir segundo a procedencia étnico-cultural.

2. O incremento dos fluxos familiares cara o noso país

En España, tal e como aconteceu noutros países do sur de Europa, produciuse nos últimos anos unha importante transformación a propósito da nosa participación no sistema internacional de migracións. Durante a maior parte do século XX, o país estivo situado na periferia política e económica do continente, polo que predominaba precisamente a exportación de man de obra a outros países con maior desenvolvemento económico.

É a partir da crise do petróleo de 1973 cando a emigración desde o sur europeo se reduce, á par que, de forma gradual, os países da área mediterránea se van convertendo en territorios receptores de inmigración. No caso español a tendencia iniciouse nos anos oitenta, se ben os incrementos de maior consideración rexistráronse a partir da segunda metade dos noventa.

No noso país, os fluxos de xubilados europeos, moi abundantes en décadas anteriores, reducíronse de maneira notable. No entanto, incrementouse considerablemente o número de homes e mulleres traballadoras que veñen coas súas familias ou as reagrupan despois dun período, máis ou menos prolongado, de adaptación. López Sala (2005) anota, ademais, a visibilización de certos síntomas de maduración neste proceso reflectido no incremento das reagrupacións familiares, o nacemento da segunda xeración, o desenvolvemento da economía étnica e a aparición de asociacións.

Concretamente, será na segunda metade dos anos oitenta cando podamos falar de España como país de inmigración. Non obstante, é preciso resaltar que o territorio español comeza a dar acollida a unha inmigración diferente á que nos atopáramos ata ese momento. A denominación de "nova inmigración" (Cachón, 2003) é a que mellor define as últimas entradas de estranxeiros no noso país. Unha inmigración nova porque as zonas de orixe e o nivel de desenvolvemento das mesmas son diferentes ás que predominaron durante anos, xa que permite a aproximación a outras culturas e relixións, está configurada tanto por homes como por mulleres, e tamén porque os riscos fenotípicos dos "novos inmigrantes" fanos identificables entre a poboación nativa. Tamén se pode chamar "nova" polo crecente efecto chamada desde o mercado de traballo español. Tal e como sinalamos antes, hai que resaltar, ademais, que durante este período se inicia un proceso importante de reagrupación familiar dos recién chegados e a aparición de certa inmigración infantil e de segunda xeración, o que se notou moito na constitución das redes migratorias desde determinados países cara España.

3. Inmigración e escola: a importancia da participación das familias

É evidente que a chegada continuada de inmigrantes ao noso país trouxo consigo diversas repercusións a todos os niveis. A escola non permanece allea a nova realidade que se ten conformado nos últimos anos, unha realidade onde a chegada de persoas procedentes da inmigración puxo de manifesto á urxencia de adecuar os nosos sistemas educativos a un panorama social onde a diversidade é hoxe máis visible.

Son moitas as investigacións que certifican que a educación é un dos aspectos mellor valorados polas familias inmigrantes (ver Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2006). A isto debemos engadir que a escola constitúe un dos espazos onde menos discriminación percibe a poboación inmigrante. A pesar da importancia que os núcleos familiares inmigrantes conceden a dimensión educativa, o grado de implicación nas escolas nas que estudan os seus fillos non reflicte tal relevancia. Aínda así, debemos ter presente que este é un problema que tamén as familias autóctonas xa que, como se ten constatado, acostuman participar pouco na vida dos centros (Defensor del Pueblo, 2003).

A implicación da familia no proceso educativo de nenos e mozos é un dos elementos importantes á hora de examinar a súa evolución escolar. En este senso, sabemos que aquelas escolas nas que existe un alto compoñente de participación e implicación das familias, os estudantes teñen un éxito maior (Aguado, Gil-Jaurena e Mata, 2005). Se iso se amosa interesante en termos xerais, pouca dúbida pode haber de que tamén deixará sentir os seus efectos no caso da inmigración.

Por máis que nos últimos anos se tiveran producido importantes avances, sobre todo, no que afecta á dimensión teórica, a situación actual das relacións entre a institución familiar e a escolar non semella que se produciran melloras significativas no establecemento de lazos de compromiso que permitan o mellor desenvolvemento da función educativa que realizan ambas instancias.

Desde o noso punto de vista, un dos maiores déficits está estreitamente relacionado coa dimensión organizativa dos centros escolares e, máis concretamente, coas insuficiencias que presentan as estruturas de participación das familias nas escolas. É clara a necesidade de que os centros proporcionen máis espazos e tempos para a participación real dos proxenitores, sobre todo se temos en conta as tendencias socio-familiares actuais. En definitiva, precisase unha maior flexibilidade no enfoque organizativo, na xestión do tempo e do espazo e, incluso, a colaboración doutros profesionais de la educación.

É por todos ben sabido que asistimos a un crecente interese pola necesidade de contribuír a formar cidadáns comprometidos coa sociedade na que viven. Pois ben, debemos ter en conta que a participación nos asuntos públicos constitúe unha das vías con máis y mellores posibilidades para implicarse na asunción das responsabilidades que atinxen á cidadanía, sen esquecer que, ao mesmo, tempo permiten adquirir hábitos de comportamento democráticos.

No que se refire ás familias e, particularmente ás inmigrantes, a aprendizaxe da participación implica ser consciente do dereito a intervir tanto nos asuntos que nos afectan directamente como individuos como naqueles que inflúen nos asuntos públicos e, polo tanto, contribúen ao transformación das nosas sociedades. O exercicio da participación require dispor de certas competencias cívico-sociais pero tamén é un medio para o desenvolvemento destas.

Creemos, polo tanto, que a esta instancia educativa é especialmente apropiada para levar adiante dinámicas susceptibles de axudar á integración social destas familias. Velaquí unha das razóns que motivou a realización dunha investigación que nos permitira coñecer as variables que, en maior ou menor medida, poden incidir no grao de participación das familias procedentes da inmigración no centro no que estudan os seus fillos e fillas.

4. Análise do perfil socio-educativo e da participación nos centros escolares

Tal e como comentamos antes, o principal propósito deste traballo é analizar se as variables socio-educativas poden estar influíndo no nivel de participación das nais inmigrantes nos centros nos que estudan os seus fillos e fillas. Así, tomando como base unha investigación descritiva realizada en Galicia cunha mostra de 458 familias inmigrantes que teñen fillos escolarizados en centros de Galicia, analizamos a conexión entre o perfil socio-educativo das nais e o grao de implicación nas escolas.

Posto que a poboación inmigrante constitúe un grupo moi heteroxéneo, prestaremos especial atención a procedencia étnico-cultural das nais por ser esta unha variable que pode modular os resultados obtidos. Neste senso, debemos destacar que dado que os dous colectivos estranxeiros con maior representación na investigación son o árabe (marroquí) e o latinoamericano, utilizamos unicamente estes dous grupos. En concreto, o 70,3% do total da mostra procede dalgún país de Latinoamérica e o 9,1% do continente africano, particularmente, de Marrocos.


Os datos que presentamos foron obtidos a través dun único instrumento formado por un total de 38 preguntas de configuración cerrada (ver Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2003).

Para analizar as diferenzas entre os grupo de nais segundo a súa procedencia, en función da variable estudada, nalgúns casos utilizaremos a proba *t* e, noutros, a de Chi-cadrado. Debemos apuntar tamén que nos centraremos unicamente naquelas variables nas que detectamos diferenzas estatisticamente significativas. Cando non aparece especificado debe entenderse que tales diferenzas son ao nivel de significación do 0.01.

Perfil socio-educativo

A configuración do núcleo familiar da mostra responde, basicamente , ao esquema de matrimonio estable con fillas/os (71,4%), sendo esta realidade máis acusada nas familias árabes (88,4%), como se pode observar na gráfica e táboa seguintes. Contabilizamos, pola contra, un 23,6% de familias compostas pola nai soa con fillos, situación que describe o 16% das familias latinas e só el 2,3% das árabes. Nalgúns casos contabilízase a presenza de avós, tíos e de outros familiares.

Gráfica 1: Conformación do núcleo familiar




Táboa 1: Conformación do núcleo familiar segundo procedencia

Procedencia	Matrimonio con fillos	Nai con fillos	Pai con fillos	Avós	Tíos	Outros
Árabe	88,4%	2,3%	2,3%	2,3%	4,7%	--
Latina	66,5%	15,7%	1,2%	7%	5,4%	4,1%

No que se refire ao nivel de estudos, as nais con estudos secundarios representan o 47,6% da mostra, sendo un 27,4% as que acadaron graos ou credenciais de educación superior. No extremo contrario atópanse porcentaxes moito menores: o 13,3% conta con estudos Primarios e o 6,1% Primarios se rematar. A porcentaxe de nais sen ningún tipo de estudos supón unicamente o 5.6%

Gráfica 2. Nivel de estudos



Estes resultados amosan un clara coincidencia coa investigación do Defensor do Pobo (2003), e con outras realizadas con posterioridade (ver Lorenzo Moledo et al., 2007), no senso de que o nivel de estudos de moitos pais e nais inmigrantes é superior ao dos proxenitores do alumnado autóctono que está escolarizado no mesmo centro. En consecuencia, cómpre desfacer a estereotipada imaxe do inmigrante como analfabeto.

Nesta variable atopamos diferenzas considerables entre os dous colectivos estudados. As nais de orixe latina acreditan predominantemente estudos secundarios (53,8%) ou superiores (32,1%), mentres que máis da metade das árabes manifesta carecer de estudos (55,3%).

Táboa 2: Nivel de estudos segundo procedencia

<i>Procedencia</i>	<i>Sen estudos</i>	<i>Primarios incompletos</i>	<i>Primarios</i>	<i>Secundarios</i>	<i>Universitarios/ Superiores</i>
Árabe	55,3%	15,8%	10,5%	13,2%	5,3%
Latina	0,3%	3,5%	10,3%	53,8%	32,1%

Podemos afirmar que as diferenzas observadas entre as dúas medias son significativas, posto que para o valor $t = -15.103$, $p = ,000$. A diferenza favorece ás nais latinas que posúen un maior nivel de estudos.

Táboa 3: Diferenzas no nivel de estudos segundo procedencia

Procedencia	Media	Desv. Típica	T	Sig. (bilateral)
Árabe	1,97	1,305	-15,103	,000
Latina	4,14	,759		

Un indicador destacable na indagación acerca dos grupos de inmigrantes nun determinado territorio ten que ver co coñecemento de idiomas. No noso caso, consideramos catro dimensións: a comprensión como elemento mínimo de integración e adaptación nunha nova comunidade, o dominio oral como variable importante para a participación, e a competencia en lectura e escritura, fundamentais nunha sociedade cada vez máis desenvolvida e tecnificada, e como elemento transmisor da cultura e do coñecemento.

Como comunidade bilingüe, en Galicia debemos considerar, en primeiro termo, o galego, que a tenor dos datos que manexamos é de dominio medio-baixo, situándose a maior competencia no nivel de comprensión, que dista moito dos niveis de fala e escritura. Se nos situamos na outra lingua cooficial do país, observamos que as porcentaxes se incrementan notablemente. Non deben estrañar estes datos se temos en conta que para unha ampla maioría da mostra, o castelán é a súa lingua materna.

Mirando cara o contorno europeo, son dúas as linguas que aparecen como códigos referenciais nas diversas relacións económicas e sociais a nivel internacional: inglés e francés. Podemos apreciar una maior competencia en inglés ca en francés. No entanto, a porcentaxe de nais que declaran dominar outras linguas é superior a dos que afirman competencia en inglés e en francés.

Táboa 4: Coñecemento de linguas

	<i>Comprende</i>	<i>Fala</i>	<i>Le</i>	<i>Escribe</i>
Galego	64%	18,6%	41,7%	14,8%
Castelán	80,8%	81%	80,1%	77,1%
Francés	7,4%	5,9%	6,6%	5,2%
Inglés	21,6%	14,8%	19,7%	15,1%
Outras¹	21,2%	21%	20,1%	18,3%

Tal e como se recolle na seguinte táboa, o 43,9% das nais árabes afirma comprender o castelán e unha porcentaxe moi próxima outras linguas (41,5%). Como podíamos prever, na expresión oral o 41,5% das nais manifesta falar noutras linguas, aquelas que falan en castelán supoñen o 29,3% e as que o fan en galego non chegan ao 8%. En canto á lectura e á escritura, as porcentaxes maioritarias decántase por outras linguas e, seguidamente, polo castelán.

Táboa 5: Coñecemento de linguas nas familias árabes

	<i>Comprende</i>	<i>Fala</i>	<i>Le</i>	<i>Escribe</i>
Galego	26,8%	7,3%	9,8%	4,9%
Castelán	43,9%	29,3%	24,4%	29,3%
Francés	9,8%	14,6%	19,5%	17,1%
Inglés	--	--	2,4%	4,9%
Outras	41,5%	41,5%	43,9%	36,6%

Referíndonos agora ás latinas e empezando pola comprensión, tal e como podíamos anticipar, a gran maioría (86,4%) indica o castelán e, en segundo lugar, o galego (68,8%). Na expresión oral novamente acada o primeiro posto a lingua de Cervantes, competencia na que o uso do galego descende considerablemente a favor do inglés. En canto á lectura e a escritura, o castelán volve a situarse na cabeza.

¹ Nesta categoría rexistramos ata 17 linguas distintas: crioulo, árabe, portugués, italiano, noruego, alemán, chino, amazight, catalán, ruso, grego, ucraniano, polaco, holandés, rumano, quechua e tailandés.

Táboa 6: Coñecemento de linguas nas familias latinas

	Comprende	Fala	Le	Escribe
Galego	68,8%	13,9%	42,3%	12%
Castelán	86,4%	90,5%	89,9%	87,4%
Francés	4,7%	2,5%	3,2%	1,9%
Inglés	21,5%	14,2%	19,6%	14,2%
Outras	9,8%	9,5%	9,1%	7,3%

Ao analizar o coñecemento de idiomas que teñen as nais da mostra atopámonos co seguinte:

a) En galego, a proba de Chi-Cadrado demostra diferenzas significativas entre os dous grupos de nais no nivel de comprensión. Os datos favorecen ás de orixe latinoamericano, que comprenden máis este idioma que as de procedencia árabe. Na variable lectura en galego tamén pode apreciarse a existencia de diferenzas significativas a favor das nais latinas que son capaces de ler máis en galego que as nais árabes.

Táboa 7: Diferenzas entre os dous grupos de nais en galego

Variables	Chi-cadrado de Pearson con Corrección por Continuidade	Gl	Sig. (bilateral)
Comprensión	25,916	1	,000
Lectura	14,860	1	,000

b) Tal e como cabía esperar, apreciase a existencia de diferenzas significativas, en todos os casos, a favor das nais de procedencia latinoamericana no idioma castelán.

Táboa 8: Diferenzas entre os dous grupos de nais en castelán

Variables	Chi-cadrado de Pearson con Corrección por Continuidade	Gl	Sig. (bilateral)
Comprensión	40,894	1	,000
Fala	94,607	1	,000
Lectura	102,989	1	,000
Escritura	75,110	1	,000

Os resultados obtidos co castelán eran, en todo caso, previsibles, dado que para as mulleres latinas este é o seu idioma materno, por máis que podan existir xiros lingüísticos propios en cada un dos países de referencia.

c) Ao aplicar Chi-cadrado aprécianse diferenzas significativas a favor das nais de orixe árabe na fala, na lectura e na escritura en francés.

Táboa 9: Diferenzas entre os dous grupos de nais en francés

Variables	Chi-cuadrado de Pearson con Corrección por Continuidade	Gl	Sig. (bilateral)
Fala	11,130	1	,001
Lectura	17,062	1	,000
Escritura	19,766	1	,000

Estas diferenzas significativas na fala, lectura e escritura a favor das nais árabes fronte ás latinas, pode ser debido a que esta é a lingua estranxeira que deben cursar os alumnos/as da ensinanza fundamental obrigatoria do sistema educativo marroquí.

d) En lingua inglesa encontramos diferenzas significativas na variable comprensión a favor das nais latinas que afirman comprender máis o inglés que as súas iguais de orixe árabe. Tamén existen diferenzas significativas, cun $\alpha = 0.05$, na fala e na lectura nesta lingua a favor das latinoamericanas.

Táboa 10: Diferenzas entre os dous grupos de nais en inglés

Variables	Chi-cadrado de Pearson con Corrección por Continuidade	Gl	Sig. (bilateral)
Comprensión	9,508	1	,002
Fala	5,428	1	,020
Lectura	6,204	1	,013

Este maior nivel competencial das mulleres latinas en inglés pode ser explicado, contrariamente ao que acontece no sistema educativo marroquí, á influencia deste idioma nos seus respectivos sistemas nacionais de educación.

e) Como pode apreciarse na táboa seguinte, existen diferenzas significativas, todas elas a favor das nais árabes, en comprensión, fala, lectura e escritura noutras linguas. O maior nivel de competencia das mulleres árabes noutras linguas débese a que estas mulleres teñen como idioma materno o árabe, a diferenza das latinas que teñen o castelán.

Táboa 11. Diferenzas entre os dous grupos de nais noutros idiomas

Variables	Chi-cadrado de Pearson con Corrección por Continuidade	Gl	Sig. (bilateral)
Comprensión	28,722	1	,000
Fala	29,850	1	,000
Lectura	35,462	1	,000
Escritura	29,898	1	,000

Participación na escola

Para analizar a participación das nais nos centros atenderemos a catro indicadores: a asistencia ás reunións da escola, a asistencia ás celebracións ou festas do centro, o coñecemento do

profesor titor e a participación nas actividades da ANPA. Na táboa 12 recóllense os resultados obtidos segundo a procedencia étnico-cultural das nais.

A análise realizada revela a seguinte información:

a) Comezando pola asistencia ás reunións da escola, os datos indican que as nais latinas participan en maior medida nestas xuntanzas. O 72,5% delas manifesta asistir bastante o moito, mentres que só o 20,6% das árabes se sitúa nesta mesma posición.

b) Tomando agora como punto de atención o nivel de asistencia á celebracións ou festas da escola, volven a ser as latinas as que máis participan deste tipo de actividades (el 53,8% delas asisten bastante ou moito fronte a só el 28,1% das árabes).

c) En canto ao coñecemento dos profesores titores dos fillos, unicamente o 5,3% das latinas responde de maneira negativa, cifra que no caso das árabes se eleva ata preto do 40%. Por máis que este datos sexa pouco alentadores, non debemos pasar por alto a existencia dun número importante de nais latinas e árabes que manifestan coñecer moito a este profesional (29% e 25,8%, respectivamente).

d) O último aspecto céntrase na participación en actividades organizadas pola Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA). É ben sabido que a participación se correlaciona con non poucos indicadores de calidade na vida dos centros educativos. Con dicir que un 70,8% das nais árabes e un 46,4% das latinas son totalmente alleas a esa implicación participativa (ningunha nai árabe e só o 10,8% das latinas declara ‘moita’ participación), pouco se pode engadir como non sexa a necesidade de incentivar o exercicio deste dereito.

Táboa 12. Participación no centro educativo segundo a procedencia

	Nada			Pouco			Bastante			Moito		
	Xeral	Árabes	Latinas	Xeral	Árabes	Latinas	Xeral	Árabes	Latinas	Xeral	Árabes	Latinas
Asiste ás reunións	9%	41,2%	4,4%	27%	38,2%	23,2%	34,8%	5,9%	38,9%	29,1%	14,7%	33,6%
Asiste ás celebracións	25,3%	56,3%	19,4%	25,6%	15,6%	26,8%	29,3%	25%	30,6%	19,9%	3,1%	23,2%
Coñece ao titor	9,2%	38,7%	5,3%	24,6%	12,9%	22,3%	39,8%	22,6%	43,3%	26,3%	25,8%	29%
Participa actividades da ANPA	48,4%	70,8%	46,4%	29,2%	16,7%	29,2%	13,5%	12,5%	13,6%	8,8%	--	10,8%

Cando analizamos a participación no centro educativo, atopámonos con que nas variables ‘asistencia ás reunións escolares’, ‘asistencia á celebracións ou festas escolares’ e ‘coñecemento do profesor titor’ existen diferenzas estatisticamente significativas entre as nais, diferenzas que en todos os casos son a favor das latinas. Xa que logo, podemos afirmar que as nais procedentes

de Latinoamérica participan en maior medida no centro educativo no que estudan os seus fillos e fillas.

Tabla 13: Diferenzas entre os dous grupos na participación no centro educativo

Variables	Chi-cadrado de Pearson	Gl	Sig. (bilateral)
Asiste ás reunións da escola	66,473	3	,000
Asiste ás celebracións ou festas da escola	24,119	3	,000
Coñece ao profesor titor do seu fillo	41,188	3	,000

Discusión de resultados

1) Cando se analiza o perfil familiar da mostra, non encontramos diferenzas significativas entre os dous grupos, xa que o núcleo que predomina en ambos casos é o de matrimonio con fillos, por máis que o número de familias monoparentais formadas por nai soa con fillos sexa moi superior entre as latinas en comparación coas árabes, e incluso se aprecie unha maior presenza nos primeiros doutros parentes (avós, tíos) convivindo.

2) As nais de Latinoamérica teñen un maior nivel de estudos que as que proceden de Marrocos. As diferenzas entre os dous grupos son significativas, de tal modo que as nais latinas teñen estudos medios ou superiores, mentres que entre as nais árabes o que predomina é a falta de estudos ou os estudos primarios. Neste mesmo senso, tamén atopamos diferenzas significativas no dominio dos idiomas, especialmente, nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma:

- As latinas comprenden e poden ler en galego mellor que as árabes.
- En castelán tamén é clara a existencia de diferenzas significativas entre os dous grupos de nais en todas as variables de análise a favor das latinas.
- En francés, son as nais árabes as que parecen lelo, falalo e escribilo máis que as latinas.
- Pola súa parte, son as latinas as que máis comprenden, falan ou len en inglés.
- Noutras linguas (árabe) está claro que as diferencias significativas se producen a favor das nais marroquís en todas as variables de estudo.

3) Ao analizar a participación nas escolas nas que estudan os seus fillos e fillas, os datos derivados do estudo levado a cabo indican que as nais procedentes de países latinos implícanse en maior medida na vida dos centros. Concretamente, asisten máis as reunións e celebracións da escola e manteñen unha relación máis estreita co profesor titor. Aínda que as diferenzas non sexa estatisticamente significativas, as latinas tamén participan en maior grao nas actividades que organiza a ANPA.

5. Conclusións

O resultados obtidos neste traballo, así como os datos derivados doutras investigación realizadas sobre esta cuestión, amosan a existencia de relación entre as variables analizadas.

Concretamente, todo apunta a que ter un nivel educativo medio-alto e dispor dunha boa competencia lingüística son factores que inciden no nivel de participación dos proxenitores no centro escolar.

De feito, tal e como apuntabamos antes, noutras investigacións tense constado que a formación é garantía de maior repertorio, ou alomenos máis eficaz, de recursos e estratexias para desenvolverse en determinadas situacións. En consecuencia, as familias con maior nivel educativo están en mellor posición para moverse nos labirintos do sistema escolar.

En canto á competencia lingüística, poucas dúbidas podemos albergar sobre a súa relevancia no mantemento de relacións sociais coa poboación autóctona e, por suposto, constitúe un instrumento clave para poder establecer relacións óptimas coa escola e os seus profesionais. É por isto que as familias latinas se atopan nunha clara situación de vantaxe fronte as árabes, o cal a súa vez explica que as primeiras teñan menos dificultades para implicarse no centro. Dificilmente pode haber integración se non hai posibilidade de comunicarse na sociedade á que se ten que incorporar. Neste senso, queremos destacar que a escola se presenta como un lugar idóneo para facilitar a aprendizaxe da lingua do país de acollida a través da interacción con outros pais e nais e, por suposto, da participación no centro.

Así as cousas, cremos que é preciso que dende a administración se poñan en marcha programas específicos adaptados ás situacións particulares destas nais, por exemplo a través do deseño programas de Educación de Adultos dirixidos, por unha parte, a consecución de destrezas instrumentais básicas e, por outra, programas que procuren o desenvolvemento dunha maior capacidade de comunicación, de diálogo e de achegamento aos outros. O certo é que, a posibilidade de compartir espazos e tempos con outras mulleres autóctonas constitúe unha excelente oportunidade para superar a introversión propia do seu contorno familiar e cultural. Acadada esta meta será posible establecer novos obxectivos como os que teñen que ver co desenvolvemento de habilidades sociais comunitarias e a mellora do nivel de implicación nos distintos ámbitos da vida social.

6. Referencias bibliográficas

Aguado, M^aT.; Gil-Jaurena, I. e Mata, P. (2005): *Educación intercultural: una propuesta para transformar la escuela*. Madrid: MEC-Los Libros de la Catarata.

Cachón, L. (2003). *Inmigrantes jóvenes en España. Sistema educativo y mercado de trabajo*. Madrid, Injuve.

Defensor del Pueblo (2003). *La escolarización del alumnado de origen inmigrante en España* (2 vols.). Madrid, Defensor del Pueblo.

López Sala, A.M. (2005). *Inmigrantes y Estados: La respuesta política ante la cuestión migratoria*. Barcelona, Anthropos.

Lorenzo Moledo, M^aM. et al. (2007). *Familias inmigrantes en Galicia: La dimensión socio-educativa de la integración*” (Proxecto de Investigación - Secretaría General de Política Científica y Tecnológica. Ministerio de Educación y Ciencia. SEJ2004-05967).

Santos Rego, M.A. e Lorenzo Moledo, M^aM. (2003): *Inmigración e acción educativa en Galicia*. Vigo: Xerais.

__ (2006): Escolarización y expectativas educativas en las familias inmigrantes, en Santos Rego, M.A. (ed.), *Estudios sobre flujos migratorios en perspectiva educativa y cultural*. Granada: Grupo Editorial Universitario, 67-99.